

43 BAIXADA do eume

Pontedeume 2009

5 de setembro - saída ás 17:30 hrs

Copa Xunta de Galicia



FEDERACIÓN
GALEGA
DE PIRAGÜISMO

22 TROFEO

E
endesa

XACOBEO 2010
Galicia

CARREIROA

DEPUTACIÓN
DA CORUÑA
WWW.DICORUNA.GA

CONCELLO
DE PONTEDEUME

Portos
de Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

FUNDACIÓN
DEPORTE GALEGO
Creando ilusións e bases

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Comisión "Festas das Peras 2009"

florstudio.com

Regulamento (sinopse)

43 BAIXADA DO EUME EN PIRAGUA

Organización
A organización técnica e execución da 43ª edición da Baixada do Eume corresponde ao club Náutico Firrete de Pontedeume e á F.G.P., que actuarán a través dos seus órganos executivos.

Lugar, data e hora
Río Eume, con saída superior desde o 2º refuxio do Eume (Monfero) e chegada na “Ponte de Pedra” en Pontedeume, o domingo día 5 de setembro de 2009 a partir das 17:30 h.

CATEGORÍAS	SEXO	EMBARCACIONES
Sénior – Xuvenil – Cadete	Muller	K-1 e C-1 cadete
Sénior - Xuvenil – Cadete	Home	K-1, C-1, K-2

Lugar da saída	Embarcacións Participantes	Distancia de Competición	Horarios de Saída	Tipo de Saída	Peche de control
1º refuxio	Hom.: C-1 Mull.: K-1 e C-1	7 km	17:30	Desde a auga	10 min.
2º refuxio	Homes: K-1 e K-2	12 km	17:30	Tipo Sella	20 min.

Así mesmo, dependendo do número de participantes e para garantir a corrección na saída, a organización poderá dispoñer sistemas de saídas por categorías e/ou alternativos.



Trofeos e medallas
Serán entregados trofeos aos tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría establecidas no presente regulamento, e trofeos aos tres (3) primeiros clubs clasificados.
O gañador por clubs (Trofeo Endesa de Piragüismo), conforme ao presente regulamento, será agasallado cunha embarcación K-1 que se lle dará no acto de entrega de premios.
Os primeiros clasificados na categoría senior serán premiados economicamente con atención ao seguinte cadro:

1º K-2 home: 400,00€	1º K-1 home: 200,00€	1º C-1 home: 200,00€	1º K-1 muller: 200,00€
2º K-2 home: 200,00€	2º K-1 home: 100,00€	2º C-1 home: 100,00€	2º K-1 muller: 100,00€
3º K-2 home: 120,00€	3º K-1 home: 60,00€	3º C-1 home: 60,00€	3º K-1 muller: 60,00€

A entrega de trofeos realizarase, unha vez comunicados os resultados oficiais, na praza do Concello de Pontedeume ás 20 h.

Saúda do Alcalde

Cada ano, ao chegar setembro, o pobo eumés destaca na súa axenda un evento deportivo de gran atractivo que se celebra puntualmente desde o ano 1967: a “Baixada do Eume en piragua”.

A celebración desta competición é o colofón a un ambicioso programa de actividades para fomentar o deporte da piragua que a xunta directiva do Club Náutico Firrete, cun grande esforzo tanto económico como de recursos humanos, saca anualmente adiante.


Por todos son xa ben coñecidos os beneficios do deporte en moitos dos eidos da vida humana. O meu compromiso como responsable dunha administración pública local é colaborar na promoción do deporte como unha ferramenta máis da educación, algo que no Firrete se está a facer desde hai moito tempo.

Por todos son ben coñecidas as carencias en instalacións que o Firrete vén sufrindo desde os seus inicios. Desde que asumín a Alcaldía do Concello de Pontedeume entendín que esta debía ser unha das grandes prioridades en materia deportiva e por iso, conxuntamente cos directivos do club, traballamos na procura de solucións para estas deficiencias.

Temos esperanzas en que as xestións que estamos a facer na administración autonómica frutifiquen, e que moi pronto o piragüismo eumés poida gozar dunha instalación deportiva digna e apropiada para poder desenvolver todos os seus programas.

A xunta Directiva do Club Náutico Firrete apréstase con confiado entusiasmo a organizar una nova edición desta tradicional regata, antesala das festas das Peras 2009. Para eles e para todos os participantes os meus mellores desexos.

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume



O medalla de ouro en K-2 500 m nos Xogos Olímpicos de Pequín, Carlos Pérez Rial, que estivo presente no acto de entrega de trofeos da Baixada-2008, asinou no “Libro de Ouro” do Concello eumés

O Firrete suma e segue...

O cinco de setembro celébrase una nova edición da Baixada do Eume en Piragua, e xa van corenta e tres. Os compoñentes da Xunta Directiva do club afrontamos con ilusión a organización dun evento deportivo no que xa participamos cando eramos cativos.

Supoñía daquela, igual que agora, a derradeira regata da tempada, a da casa, na que cun plus de motivación tentabamos facer un bo papel.



Momento no que os padexeiros en K-2 senior toman a saída na edición da "Baixada-2008", na que estivemos obrigados a cambiar de trazado.

Cada ano é máis laborioso organizar unha competición deportiva desta índole, xunto ao esforzo económico (agravado pola crise que nos azouta) debemos pelexar coas reticencias de moitos clubs de piragüismo a participar en regatas con percorridos onde rompen piraguas.

Isto non fai que desfalezcamos e desde o club, a sabendas que é o noso gran escaparate, traballamos duro para manter a nosa regata nun calendario saturado de competicións de piragüismo.

Esta regata meréceo

O seu percorrido desenvólvese nun gran marco natural que, xunto á proliferación de presas e rápidos que se atopan ao longo do río, converten a "Baixada" nunha das probas máis duras, esixentes e espectaculares do piragüismo en España.

A Baixada do Eume é a competición de maior antigüidade do deporte da piragua na provincia da Coruña, e a terceira, tras a Copa Miño de Lugo e a Travesía Ría de Foz, de todo o territorio galego, que é o mesmo que dicir unha das máis antigas de España.

E sobre todo, os do Firrete temos que mimala porque foi, como ben sabedes, a semente do noso club.

A aposta da Xunta Directiva por atender tanto ao deporte de competición como ao de promoción e ocio está a dar bos resultados. Cada vez son máis os eumeses e eumesas, así como outras persoas da bisbarra, que se apuntan ao club para gozar deste deporte.

Preto de **200 deportistas** (máis da metade nenos e nenas de idade comprendida entre os 7 e 14 anos) con licenza federativa adestran connosco de xeito regular no equipo de competición e **máis de 3.000 persoas** participarán esta tempada nas distintas actividades que ofrecemos dentro do plan de docencia, equipo de ocio e o programa Firrete-aventura.



Yerai Picallo e André Oliveira representando a España no Campionato de Europa Absoluto 2009.

Centrándonos no equipo de competición, un ano máis, debemos falar dunha campaña excelente.

Estamos con claras opcións de acadar unha praza **entre os tres primeiros** equipos clasificados na LIGA NACIONAL DE PIRAGÜISMO e a primeira praza na COPA XUNTA.

A título individual, de todos os deportistas do club, destacamos o labor de **Yeray Picallo Vila** que, xunto ao tamén eumés **Miguel Soro López**, é integrante do programa nacional de promesas "Londres 2012".

Yeray tivo una sobresaínte actuación no Campionato de España Máster e sub 23, pois non só acadou o dobrete nas dúas distancias de C-1 da súa categoría, senón que, formando parella con André Oliveira asegurou unha praza (C-2) para representar a España no Europeo de Brandenburgo e no Campionato do Mundo en Canada.

Dende aquí queremos facer público o noso agradecemento ás institucións públicas e ás empresas privadas que fan viables os nosos proxectos, e que fan posíbel que os de Pontedeume padexen así de ben!.

Aproveitamos tamén estas liñas para dar a nosa máis sincera benvida a todos os participantes e animar a todos os eumeses e eumesas, así como a toda a xente que nestas datas visita a nosa Vila, a presenciar unha das regatas máis bonitas do calendario nacional.

Un saúdo, vémonos o día cinco.

A Xunta Directiva do Club Náutico Firrete

As Fragas do Eume, natureza para admirar e gozar

Ao ascender polo esteiro do Eume contra corrente, xusto ao revés de como fan cada verán os remeiros convocados polo Club Náutico Firrete, axiña e con sorpresa penétrase nun dos máis interesantes e mellor conservados vestixios da Natureza galega. A primeira expresión de acollida neste lugar é o **sorriso da auga**: nas ondas do río asoman os dentes como flores brancas, correspondendo á ledicia espumosa dos regos que apertan a súa corrente polas beiras.

Paga a pena continuar explorando a fraga máis aló e facelo cos ollos ben abertos e os recunchos da emoción plenamente dispostos, pois en poucos lugares é posible contemplar unha combinación semellante de vida silvestre da terra nai, arboredos formidables como **edificios vexetais** de tellas verdes que, cando o inverno asome o nariz, non van deixar caer sen ofrecer antes o agasallo dunha variedade cromática que empequenece aos artistas máis capaces. Cada unha das moitas árbores diferentes que aquí resisten loce unha figura de seu, unha cortiza de textura recoñecible, un xeito inconfundible no seu abrir os brazos ao aire, follas características capaces de mudar a unha cor de outono diferente das demais; ao cabo, unha maneira de ser.

Se por mor da curiosidade a mirada do visitante fose pousada nas herbas que medran acougadas ao pé de tanta frondosidade, non tardaría en recoñecer auténticas **orixinalidades botánicas** que dan testemuña viva dun pasado remoto, cando aquí mesmo había outro clima, outras plantas, en definitiva, outro mundo. Poden ser fentos ás veces grandes, diríase enormes, como o rarísimo **felgo dos colchoeiros** que cubre por completo a unha persoa erguida, e outros pequenos como a cabriña; por circunstancias non dadas noutros lugares de Europa foron capaces de persistir a pesar da extinción da vexetación tropical que daquela os acougaba. Estes e certas outras plantas con flores aquí comúns foron agraciados cun **privilexio existencial**, conseguindo que as súas esporas ou sementes continuasen perpetuando a estirpe durante millóns de anos nun mundo radicalmente diferente.

Con máis sorte aínda, esa ollada sería atraída polo brillo fugaz da pel húmida dalgún animalíño anfibio, parte dunha interesante fauna de tacto frío que habita preto de fontes e regueiros. Baixo as pedras ocúltanse **salamántigas de cola esaxeradamente longa** aínda que áxiles coma serpes, peculiares tamén por seren sucesorios dun pasado máis cálido e pola súa escaseza no mundo actual: foron descubertas en Galicia e territorios próximos, pero non están en ningún outro lugar do planeta; chámaseles por isto **endemismo**, palabra tamén asociada a varias especies máis de animais e plantas das beiras do baixo Eume.



En fin, toda unha inesquecible secuencia de descubrimentos nun **ambiente de serenidade e pureza** embelecido pola musicalidade da auga e das aves, propicio aos máis sensibles, quen serán de experimentar unha emoción sublime non afastada da plenitude mística, neste caso coa indiscutible vantaxe de ter os pés na terra. Isto é mirado con envexa por toda canta xente

pasa nas cidades unhas vidas baleiras de lembranzas amables, desligadas das sensacións profundas, nos táxicas das cousas belas e necesitadas de osixenar os pulmóns tanto coma o espírito.

Cantos son os pobos que non senten orgullo dos monumentos presentes na súa veciñanza? Quer sexan pedras primitivas harmonicamente xuntadas ou laboriosamente gravadas con símbolos aínda inexplicados, quer grandiosos arboredos levantados espontaneamente moito antes de nos ter historia, a existencia dos legados monumentais difúndese ao resto da humanidade sempre prendida ao nome das comunidades agraciadas por veciños tan recoñecidos.

Cando o verán se despide, o festival das piraguas transmite a ledicia das xentes vinculadas ao Eume e propaga o seu xentilicio, eixo líquido deste espazo natural tan fecundo para os seus montes como estimulante para os que veñen tomar del os avíos dunha vida saudable, o gozo do esforzo físico ou a satisfacción da inquietude intelectual.

Un ano tras doutro, é motivo de orgullo para o parque natural acoller aos esforzados padexeiros convocados polo Club Firrete e velos descender coma **xinetes das espumas** sobre as augas do Eume cara á ponte vella do esteiro.

Luís Costa

Director-Conservador do Parque Natural das Fragas do Eume.



Equipo de Competición200 padexeiros federados
Equipo de Ocio75 compoñentes
Programa Firrete-Aventura3.000 participantes

GRACIAS, GRACIAS, GRACIAS... POR FACER REALIDADE OS NOSOS PROXECTOS.



O lago que Endesa constrúe nas Pontes xa ten 130 metros de profundidade



Nos ocos mineiros acumúlanse 128 hectómetros cúbicos dunha auga que presenta mellor calidade da prevista

Cando se rematen os traballos, Endesa cederá o lago á Xunta de Galicia

O lago que Endesa está formando nos ocos da súa mina das Pontes xa acadou os **130 metros de fondo**, mentres que a auga acumulada suma 128 hectómetros cúbicos, o que supón un 23,40% do total que se espera conseguir logo de catro anos de captación de caudal. O proceso desenvólvese satisfactoriamente, e mesmo a calidade do líquido supera as previsións.

Endesa xestionou ata o remate de 2007 a mina de lignito das Pontes, un xacemento que aportou dende a década dos 70 máis de 260 millóns de toneladas de carbón para consumo da central térmica que a compañía eléctrica ten nesa vila. Os labores mineiros deixaron tres grandes ocos unidos, cun perímetro de quince quilómetros e cunha profundidade máxima de douscentos metros. Para retirar a devandita cantidade de lignito tamén se precisou remover 720 millóns de metros cúbicos de material estéril, logo depositado nunha gran entulleira exterior. De aí a magnitude das cuncas que agora reciben auga.

A solución do lago foi a máis axeitada, ao xuízo tanto dos técnicos de Endesa como de científicos universitarios e consultores internacionais; tamén se tiveron en conta as experiencias de países con tradición mineira, como Alemaña. A iniciativa precisou de permisos ambientais de Administración e dun rigoroso proxecto no que nada se deixou á improvisación.

A operación de enchedura dos ocos mineiros aproveita unha circunstancia que, durante a vida da mina, constituíu un serio atranco para os labores de extracción do carbón, a alta pluviosidade da zona, que daquela obrigaba ao bombeo da auga que caía na superficie do xacemento. O lago en formación tamén recibe agora a achega de ríos (Illade, Toiverde e outros) que antes cruzaban a superficie da mina e que tiveran que ser desviados para evacuar o seu caudal por medio dun sistema de canles que levaba a auga á planta de tratamento de efluentes líquidos para a súa posterior vertedura.

O lago recibe achegas dunha terceira fonte, o Eume, non por última a menos importante. Cun caudal altamente irregular, presenta grandes excedentes nos meses chuviosos, que ás veces mesmo chegan a danar os bancos marisqueiros da desembocadura; estes excedentes son os que van parar aos ocos mineiros. Durante o verán non se deriva auga do río. A captación realízase no azude da central térmica, e o transporte ata a mina faise por medio dunha canle de 5,7 quilómetros de longo. Polas cautelas administrativas establecidas e polo coidado que Endesa pon en todo o que atangue ao Eume, o caudal cumpre sempre as condicións ambientais máis esixentes.

Se Endesa utilizase soamente a auga da choiva que cae na superficie do xacemento, o prazo para encher os ocos mineiros alongaríase durante trinta anos. Porén, os estudos realizados puxeron de manifesto que cunha enchedura rápida –durante catro anos– a calidade das augas do lago melloraría substancialmente. Esta previsión xa quedou demostrada, de maneira que o caudal acumulado no primeiro ano presenta moi boas condicións, mellores que as previstas.

O desaugue do lago, despois de que se completen os 540 hectómetros cúbicos previstos e o líquido forme unha lámina de oitocentas hectáreas, efectuarase por medio da canle, actualmente seca, do río Carracedo, que verterá no Eume. Deste xeito **será restituído o sistema hidrolóxico** que existía antes de que Endesa explotase a mina.

No deseño deste futuro espazo natural singular está prevista unha zona especialmente apta para a vida de aves. Igualmente xa se pode observar no oco máis próximo á vila das Pontes unha gran illa. Os **usos lúdicos** están garantidos cunha praia, e sen dúbida serán moitos os que aproveiten o lago para a práctica do remo e da navegación a vela.

Endesa, que executa este proxecto aplicando os seus criterios de responsabilidade social corporativa, cederá o lago á Xunta de Galicia, que será a súa titular e determinará os aproveitamentos que mellor considere.

Preto do lago esténdese un **espazo de gran riqueza de flora e fauna**, no que antes fora a entulleira exterior. En 1.200 hectáreas medran centos de miles de árbores, combinados con prados e monte baixo. O conxunto tense convertido nun hábitat ideal para moi diversas especies animais.

Equipo de Redacción
Revista Conmemorativa
“43 Baixada do Eume”



Memoria da 42ª baixada

Un ano máis, a Xunta Directiva do Club Náutico Firrete organizou o evento deportivo con máis tradición en Pontedeume, a Baixada do Eume en Piragua puntuábel para a Copa Xunta de Galicia. (Gran Premio de Ríos e Travesías).

Nesta 42 edición da regata, o Club Náutico Firrete quixo render homenaxe a título póstumo a D. José Ramón Corral Bustabad, compoñente do equipo eumés no ano 1996, falecido a finais de xaneiro en accidente de tráfico aos 34 anos de idade.



Uns minutos antes de dar a saída oficial da regata realizouse unha ofrenda floral na que o presidente do club eumés dirixiuse á familia de Corral, aos participantes e ao público asistente para recordar a vinculación do homenaxeado co club eumés e o río Eume. Este, xunto á placa conmemorativa a título póstumo que o alcalde, D. Gabriel Torrente Piñeiro, entregou a Manuel Corral Vilaboy (pai de Corral) foi o momento máis emotivo do día.

Integrada nos actos das festas patronais patronais (As Festas das Peras) o sábado 07 de setembro, a partir de las 17:30, douscentos trinta e dous piragüistas pertencentes a vinteseis entidades deportivas padexaron por un percorrido atípico.

A organización viuse obrigada a variar o trazado tradicional. O baixo caudal de auga no río Eume, unha das medidas impostas pola Consellaría de Medioambiente para tratar de restablecer os parámetros normais da súa acidez, e evitar a mortalidade de máis salmónidos, provocou que a organización da “Baixada” tomase a decisión de adiantar a saída dos participantes ao lugar de “A Xunqueira” e evitar así a masiva rotura das pira-



A primeira embarcación K-2 HOME SÉNIOR en cruzar a liña de meta foi a tripulada por Francisco Vázquez Redondo y Alberto Rodríguez Uhia (Confradía de Pescadores de Portonovo), que se impoñían ao sprint á parella formada por Juan Pazos e José del Valle (Piragüismo Vilaboa) e a Javier Conde e Antonio Palmas (Piragüismo Vilaboa).

guas. Isto supuxo un recorte de máis de sete quilómetros no trazado habitual, o que fixo que os piragüistas navegasen por augas tranquilas e tan só 5 quilómetros.

En canto á clasificación do resto das categorías, estes foron os gañadores de cada unha delas:

K-2 H. JÚNIOR. **Paulino Otero y Alfonso Oreiro** (Club Náutico O Muíño de Ribadumia)
K-2 H. CADETE. **Andoni Larrauri y Gabriel Campo** (Club Náutico O Muíño de Ribadumia)
K-1 H. SENIOR. **Marcos Terrazo Modia** (Piragüismo Vilaboa)
K-1 H. JUNIOR. **Diego Castro** (Club Piragüismo Vilaboa)
K-1 H. CADETE. **Juan Oubiña** (Club Piragüismo Illa de Arousa)
C-1 H. SENIOR. **Antonio Campos García** (Breogan-out.Xunqueira)
C-1 H. JUNIOR. **Miguel Soro** (Club Náutico Firrete)
C-1 H. CADETE. **Rubén Bayón** (Illa de Arousa)
K-1 M. SENIOR. **Laura Rodríguez García** (Club Náutico Firrete)
K-1 M. JUNIOR. **Sonia Couso** (Ciudad de Pontevedra)
K-1 M. CADETE. **Tania Fernández** (Fluvial de Lugo)

O **Club NÁUTICO FIRRETE** foi o **vencedor absoluto** por equipos do **21º TROFEO ENDESA** cun total de 186 puntos. Acompañárono no podio o Club Muíño de Ribadumia, que con 175 puntos foi o segundo clasificado, e o Club Piragüismo Vilaboa que con 171 puntos tivo que se conformar coa terceira posición.

Presidido polas autoridades autonómicas, provinciais, locais e deportivas, entre as que se encontraba o campión olímpico Carlos Pérez Rial, así como polos representantes de Endesa, patrocinadora da baixada, e de Cabreiroá, patrocinadora do Club, o acto tivo lugar na Praza Real de Pontedeume ás oito da tarde.



Empresas colaboradoras



Firrete Ouro

A Cociña
Academia Vila
Agestión
Albergue Alvarella
Bar D'Jes
Bar La Ruta
Bar Pescador
BBVA
Cantina Río Covés
Centro de Fisioterapia Verónica Vila
Confitería El Carmen
Fotocopias Joypa
Fotógrafo Jorge Sarmiento Calvo
Freixo Café
La Caixa
La Tienda de Polola
Manuel Rey-Concesionario Peugeot
Materiales de Construcción Barallobre
Mesón Priorato
Odeón
Óptica Tábor
O'Trasteiro
Panadería Patricio
Panadería Ríos
Pescadería Pili
Pladureume
Pub Apnea
Recreativos Teny's
Restaurante Andarubel
Restaurante Hostal Luis
Taberna Cubana
Tito Ríos
Verde Manzana

Firrete Prata

Academia Moares
Bar Barón
Café Bar Os Chaos
Cafetería Bogabante
Chacinería As Landras
Churrería El Puente
Electricidad Permuy
Ferretería Leira - Esteiro
Joyería Rodríguez Corral
Librería Cunqueiro
Muebles La Mina
Óptica Eume
Saneamientos Leira

Firrete Bronce

Admón. de Lotería nº1
Antoxos
APP Informática Pontedeume
Benito Dopazo Recaman (A. Seguros AXA 881919477)
Cacharreira
Café Bar A Raiola
Carnicería Angel
Confecciones Martiño
Herboristería Bétula
Obradoiro
O Encontro
Peluquería Pilar Martínez
Pub Bora-Bora
Relojería Chema
Toci Peluqueros-Bar Stollen





REVISTA SUBVENCIONADA POR:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística